

A PROTECCIÓN DO LITORAL PARA UN FUTURO SOSTIBLE

Víctor Caamaño Rivas



Ao longo do tempo a percepción e a valoración que o ser humano adoitou facer da zona litoral semella que transmite unha certa unanimidade. O litoral é o lugar de encontro onde a terra, o mar e o ceo forman unha combinación de paisaxes con matices dificilmente superables e que nos producen sensacións de goce e benestar. Ben sabemos, os que temos a sorte de vivir nunha vila coma a de Cambados, do encanto que envolve a faixa litoral do noso concello e, de seguro, que esa sensación de goce paisaxístico é compartida pola maioría das persoas que se achegan á nosa vila.

Pero o litoral ten un valor que transcende o ámbito puramente estético. Non é casualidade que a maioría da poboación mundial viva en asentamentos costeiros, porque o litoral tamén significa riqueza e, sobre todo, supón un amplo abano de posibilidades para o desenvolvemento social e económico dunha poboación. Este modelo de asentamento poboacional vai provocar, inevitablemente, un choque entre os intereses económicos e medioambientais, onde nas comunidades menos desenvolvidas ou menos sensibles, a natureza sae perdendo e, polo tanto, a longo prazo tamén perde o ser humano un recurso de moi difícil recuperación.

Para que entre os campos da economía-sociedade-medioambiente, bases do chamado Desenvolvemento Sostible (teórico modelo de desenvolvemento a seguir pola nosa sociedade), se produza o menor número de conflitos, compre marcar previamente unhas “regras de xogo”. Neste sentido, a Administración Pública, debe velar pola protección do patrimonio ou ben común; neste caso do litoral. E como debe facer iso?; pois promovendo normativas ou leis que ao cumprilas demostren que somos unha sociedade máis igualitaria, con maior calidade de vida e capaz de soste ou manter, no tempo, os nosos recursos. Con eses principios deberon ser creadas diferentes normativas que tiveran como finalidade a protección dos valores costeiros do territorio, é dicir, estas leis deberían estar destinadas á protección e sostibilidade do litoral ao longo do tempo. Estes dous conceptos: **protección** e **sostibilidade**, deben ser os peares nos que se asente unha lei que pretenda protexer, realmente, a costa ou litoral para o beneficio do conxunto da sociedade que se asenta nel. Compre aclarar, chegados a este punto, que o gran problema co que se atopa a protección do medio ambiente, en xeral, non é a falla de lexislación ou normas senón a deficiente

aplicación da lexislación existente para protexer de xeito real e eficaz a natureza.

Sen dúbida, unha das leis máis importantes para protexer o noso patrimonio litoral, é a coñecida como “Lei de Costas”. No pasado mes de maio aprobouse unha nova Lei de Costas (normativa que substitúe á anterior lei “Ley 22/1988 de 28 de julio”) denominada, exactamente, “*Ley de Protección y Uso Sostenible del Litoral*”. Aínda que resulta moi complexo analizar na súa totalidade o impacto futuro desta nova lei, o que si está claro é que contén determinadas propostas que, inicialmente, non auguran melloría con respecto a anterior normativa, senón máis ben todo o contrario,. Tanto é así que se podería afirmar que o título de “*Ley de Protección y Uso Sostenible del Litoral*” semella demasiado pretencioso para o decepcionante contido desta nova lei, polo que afirmamos que detrás desta denominación, tentan agochase as verdadeiras carencias da nova normativa.



A anterior afirmación baséase no feito de que o eixo fundamental no que se asenta a nova “lei de costas” é, concretamente, a modificación de aspectos relevantes para aquelas persoas que teñan bens ou dereitos afectados pola anterior lei (propietarios de vivendas en primeira liña de praia, titulares de concesións administrativas, de amarres ou locais en portos deportivos ...), é dicir, a súa prioridade non é a protección medioambiental do litoral como ben público, senón a protección das propiedades privadas que existen nese litoral. E dubido, que unha lei que defende os intereses privados por riba do patrimonio común, poida considerarse que realmente sexa, á vez, unha lei de protección e uso sostible do litoral ao longo do tempo (enténdase, ademais, que o litoral debe ser patrimonio de todos e todas e non só dos que viven na costa).

Entre as modificación que, obxectivamente, fan desta lei unha peor normativa ca anterior destaca, polo negativo, a redución da chamada liña de servidume, que pasaría, de xeito xeral, dos anteriores 100 metros de protección aos actuais 20 metros. Esta é unha modificación real que fai diminuír, de forma obxectiva, a superficie de protección do litoral, é dicir, agora a superficie de litoral protexido é moito menor e, polo tanto, queda máis exposto á especulación (semella que non damos aprendido dos erros cometidos no pasado). E se iso non fose suficiente, con esta modificación será posible legalizar moitas edificacións construídas ilegalmente, co agravante de mal exemplo que iso supón para todos aqueles cidadáns que cumpriron a lei e aceptaron honestamente que de ter unha propiedade desas características, non podería ser urbanizada. Tristemente, neste caso, podería concluírse que a Administración está a premiar ao mal cidadán.

Debe considerarse outra negativa modificación da lei, a ampliación da duración das concesións, que pasan dos 30 aos 75 anos. O concepto de concesión significa, en si mesmo, a cesión a mans privadas dunha superficie pública do litoral por un tempo determinado, para que se faga explotación ou uso dela. Os novos 75 anos son un período de tempo tan amplo que a concesión perde, realmente, o sentido de cesión pois á maioría da cidadanía que vivira cando fora feita inicialmente a concesión, non terá a oportunidade de volver a recoñecela como patrimonio público. Polo tanto esta ampliación de prazo significa, exactamente, recoñecer os dereitos privados sobre o patrimonio público. Esta claro que esta modificación vai a beneficiar a moitas empresas construídas en primeira liña de praia e que teñen un gran impacto medioambiental. Semella, por exemplo, que se trata dunha modificación feita a medida da empresa “Celulosas” do concello de Pontevedra, cuxa concesión remataría no ano 2018 e con este cambio farase “eterna”. A isto habería que engadir outro aspecto negativo e relacionado co anterior, como é que os propietarios das concesións poidan vendelas ou legalas o que, inexorablemente, conducirá á privatización do litoral.

Outra tara da lei é que se esquece das peculiaridades dos diferentes territorios do

Estado, o que se traducirá na creación de determinadas problemáticas propias nas distintas comunidades autónomas. De feito, esta é a causa pola que a nova “Lei de Costas” xa foi denunciada pola “*Consejería de Medio Ambiente de Canarias*” que anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade. E igual que non se tiveron en conta as peculiaridades da ocupación litoral do territorio en Canarias, o mesmo ocorre co litoral galego. Así, Costas do Estado, non reconece a realidade diferencial dos asentamentos galegos, así como tampouco as competencias autonómicas en materia de urbanismo, ordenación do territorio e do litoral (en contra do que di a Constitución e o Estatuto de Autonomía).



Así, con respecto a Galiza, semella que Costas do Estado non entende o concepto e características dos nosos núcleos litorais. Pensemos nos núcleos rurais de Castrelo ou Corvillón, afectados, en parte, pola “Lei de Costas”, e que nada teñen que ver cos núcleos costeiros característicos do Mediterráneo, de orixe e finalidade turística (as construcións deses núcleos non son segundas vivendas construídas á beira da praia para goce turístico) e, polo tanto, resulta ilóxico aplicarlle o mesmo tratamento urbanístico ca aqueles. Os núcleos litorais forman unha tipoloxía de asentamentos que é numerosa e habitual na costa galega, aos cales a nova “Lei de Costas” pon impedimentos para dar solución ao problema de legalidade dos mesmos. Afirmar esta lei, que este tipo de núcleos, non clasificados como urbanos, teñen que solicitar un novo informe a Costas do Estado e, polo tanto, este organismo podería impor novas condicións na delimitación dos

núcleos, na edificabilidade e na prohibición de novas edificacións que carrexarían moitos problemas aos seus propietarios e concellos. Así que, polo menos segundo o texto da lei, empeora a situación dos núcleos xa que se impoñen esixencias máis duras ao uniformizar aos núcleos litorais de todo o territorio do Estado.

Para ir rematando, apuntar tamén, que da nova “Lei de Costas” emana moi pouco “espírito ambientalista”. Apenas ten en conta os efectos do Cambio Climático, que é o problema ambiental global máis importante para o planeta e que ten especial transcendencia na faixa litoral. Trátase dun problema ambiental que estamos a sufrir e que xa se ven os seus negativos efectos sobre a realidade cotiá. Podemos comprobalo no día a día, xa sexa nas variacións dos períodos de maduración do albariño ou na aparición e maior duración da mareas vermellas das nosas rías. É unha pena que na nova “Lei de Costas” se fagan as mínimas propostas para atenuar os negativos efectos do quentamento global sobre a elevación do nivel do mar nos próximos anos, do que pode concluírse que estamos ante unha lei moi pouco previsora e realista.

En fin; cada un poderá opinar sobre o que cre debe ser considerado como prioritario nunha Lei de Costas; se a protección do patrimonio público ou das propiedades privadas. O que subscribe este artigo sempre tivo claro que unha lei que, ademais, se chama “*Ley de Protección y Uso Sostenible del Litoral*” debe ter como primeiro obxectivo a protección medioambiental da costa e garantir o desenvolvemento sostible do litoral segundo a realidade e peculiaridades dos litorais. Pola contra, esta lei, desprotexe e privatiza o litoral, tentando favorecer os intereses duns poucos sobre os da maioría. O gran problema é que entre os principios que defende esta lei, ten prioridade o compoñente económico con respecto ao medioambiental e, iso, non semella un bo principio. Iso nos leva a pensar que se trata dunha lei “curtopracista”, pois se esquece de que a conservación mediambiental significa sostenibilidade dos recursos e, polo tanto, riqueza económica estable e a longo prazo.